Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

ANUNCIO

O alcalde por resolución, ditada o día 17 de novembro de 2026, resolveu o seguinte:

"**Resolución da Alcaldía-Presidencia**

Logo de ver que por Resolución da alcaldía nº 1217/2026 do 28 de outubro de 2026, aprobouse como resultado do proceso selectivo unha **bolsa de traballo para a realización de contratacións laborais temporais ou nomeamentos como funcionarios interinos, na categoría de técnico/a de administración xeral**.

Logo de ver o expediente administrativo tramitado polo Concello de Miño para o nomeamento dun/ha funcionario/a interino/a por VACANTE para o posto de TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL.

Logo de ver a dilixencia do funcionario do Concello de Miño, don Manuel Ares García, de data 17 de novembro de 2026, relativa aos seguintes integrantes da mencionada bolsa de traballo:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	NIF
1	CELESTINO DEL BARRIO, RAFAEL	***3554**
2	SANCHEZ OUSENDE, LETICIA	***0949**
3	BLANCO GARCÍA BERTA	***8930**

Logo de ver o punto décimo das bases da convocatoria onde establece que *"A formación e/ou actualización da bolsa (exclusións, baixas temporais e/ou altas que se produzan ao longo da súa vixencia) serán aprobadas por Resolución de Alcaldía que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica."*

Logo de ver que dona Leticia Sánchez Ousende con D.N.I. núm. *0949*** e dona Berta Blanco García con D.N.I. núm.* ***89320**, rexeitaron o chamamento o posto e xustificaron a súa permanencia na bolsa de traballo.

Logo de ver canto antecede, esta Alcaldía e en uso das atribucións que lle confire o ordenamento xurídico, pola presente, resolve:

Primeiro.- Excluír da bolsa de traballo para a realización de contratacións laborais temporais ou nomeamentos como funcionarios interinos, na categoría de técnico/a de administración xeral a don Rafael de Celestino del Barrio con D.N.I. núm. ***3554**, segundo establece o punto décimo das bases da convocatoria.

Segundo.- Aprobar a actualización da bolsa de traballo de funcionarios interinos, na categoría de técnico/a de administración xeral, co seguinte orde de prelación:

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño https://sede.concellodemino.gal mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público

CVD: AMLmL6ljtVCUfPwzFAew Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemino.gal/

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	NIF
1	SANCHEZ OUSENDE, LETICIA	***0949**
2	BLANCO GARCÍA BERTA	***8930**

Terceiro.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución o primeiro Pleno que se celebre “

O que se fai público para xeral coñecemento, e faise saber que esta resolución é definitiva en vía administrativa e que contra a mesma poderase interpor os recursos que a continuación se citan:

a) O recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, ou o contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, no prazo de dous meses, contados en ambos os casos dende o día seguinte á notificación da presente resolución.

b) Calquera outro que estime oportuno (Art. 194 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, do 28 de novembro de 1986 e 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro).

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Asdo./ Manuel Vázquez Faraldo

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño https://sede.concellodemino.gal mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público

CVD: AMLmL6ljtVCUfPwzFAew Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemino.gal/